

Central de Balances  
Informe anual económico–financeiro  
da empresa galega

Ano 2003

**Santiago de Compostela, 2005**

**Instituto Galego de Estatística**  
Complejo Administrativo San Lázaro  
San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981-541589 (de 9 a 14 horas)  
Fax: 981-541323  
e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)  
<http://www.ige.xunta.es>

**Elaboración**

Instituto Galego de Estatística

**Edita**

Xunta de Galicia  
Consellería de Economía e Facenda

**Colección**

Área de estadísticas económicas

**Dep. legal**

**Deseño de portada**

Imago Mundi

**Tiraxe**

200 exemplares

**Imprime**

---

## Introdución

O obxectivo desta operación é ampliar a información estatística dispoñible sobre o sector empresarial de Galicia, sen aumentar a carga de demanda de datos que actualmente soportan as empresas.

A idea é construír e ofrecerlle á sociedade un conxunto útil de información a partir da homoxeneización e agregación da que cada empresa declara dentro dos procedementos administrativos.

Neste caso os datos proceden das contas depositadas nos rexistros mercantís polas sociedades non financeiras domiciliadas en Galicia.

A mostra de empresas non é, polo tanto, o resultado dun deseño estatístico, ao incluíren só as obrigadas pola lexislación ao depósito de contas e, dentro delas, as que presentan declaracións completas e consistentes. Quedan sen representación as empresas do sector financeiro, as que teñen como titular unha persoa física e as activas en Galicia pero con sede noutra provincia española. Os datos finais tampouco son estimacións referidas á poboación de empresas, senón o resultado da simple agregación dos declarados.

A combinación destas limitacións implica unha cobertura da mostra diferente por rama de actividade. As empresas incluídas representan o 39% das sociedades contabilizadas no directorio de empresas para as seccións comúns da CNAE. Na industria a cobertura é do 50%, na construción do 43% e nos servizos do 36%.

Os resultados económicos das empresas clasifícanse por actividade, tamaño e territorio. No detalle xeográfico chégase ata nivel de concello (Nuts5), pasando polos agregados intermedios de comarca (Nuts4) e provincia (Nuts3). Para desagregar por ramas de actividade utilízase a CNAE e para clasificar por tamaño o emprego, distinguindo entre microempresa (menos de 10 ocupados), pequena empresa (entre 10 e 49), mediana empresa (entre 50 e 249) e gran empresa (250 ou máis ocupados).

A mostra do ano 2003 está formada por 24.776 sociedades. Nela, así mesmo no total da poboación, predominan as pequenas empresas, as de servizos e as localizadas nas provincias occidentais.

A distribución por emprego reflicte as características xa comentadas sobre a representatividade da mostra para certos colectivos, de xeito que as medias de ocupados por empresa son superiores ás que resultarían de consideraren todas as empresas con actividade en Galicia.

Por rama de actividade destaca o peso da industria que, con só o 17% das empresas da mostra, aporta o 32% dos ocupados e o 40% da produción. O sector servizos agrupa o 61% das empresas e contribúe con algo menos do 50% á produción e ao emprego. A distribución da mostra por tamaño responde tamén á lóxica esperada: as empresas grandes representan só o 0,4% do total pero achegan o 22% do emprego e o 33% da produción. As provincias da Coruña e Pontevedra concentran o 79% das empresas, o 84% dos ocupados e o 87% da produción.

	Empresas	%	Ocupados	%	Producción (miles €)	%
<b>Rama de actividade</b>						
Agricultura e pesca	632	2,6	8.201	2,4	849.032	1,7
Industria	4.322	17,4	108.620	31,8	20.661.965	40,2
Construción	4.588	18,5	58.645	17,2	5.259.877	10,2
Servizos	15.234	61,5	166.227	48,6	24.598.405	47,9
Total	24.776	100	341.693	100	51.369.279	100
<b>Ocupados</b>						
menos de 10	17.545	70,8	66.356	19,4	8.853.451	17,2
entre 10 e 49	6.322	25,5	124.804	36,5	15.165.033	29,5
entre 50 e 249	809	3,3	74.472	21,8	10.586.924	20,6
250 ou máis	100	0,4	76.061	22,3	16.763.871	32,6
Total	24.776	100	341.693	100	51.369.279	100
<b>Provincia</b>						
A Coruña	9.319	37,6	142.681	41,8	21.934.353	42,7
Lugo	2.891	11,7	27.499	8,0	3.739.017	7,3
Ourense	2.368	9,6	26.914	7,9	3.129.233	6,1
Pontevedra	10.198	41,2	144.599	42,3	22.566.676	43,9
Total	24.776	100	341.693	100	51.369.279	100

A partir da agregación das contas de perdas e ganancias pódense calcular as magnitudes e as ratios de uso máis xeneralizado por actividade, tamaño ou territorio.

A produción media por ocupado é de 150 mil euros. Esta ratio é superior na industria (190 mil euros), no colectivo das grandes empresas (220 mil euros) e nas provincias da Coruña (154 mil euros) e Pontevedra (156 mil euros).

De cada 100 euros producidos 79 consúmense na compra de materias primas, 14 dedícanse a retribuír o emprego e os 7 restantes quedan como excedente para lles facer fronte aos outros gastos e remuneraren ós propietarios do capital. Este patrón global de distribución da produción é semellante na industria e no sector servizos. Na construción e no colectivo de empresas do sector primario pesan máis os gastos asociados ao emprego.

As diferenzas entre estruturas de custos están moi vinculadas aos procesos de produción, polo que na mostra non se aprecian coa mesma intensidade ao agruparen as empresas por tamaño ou por provincia.

A táboa seguinte recolle os datos comentados e ofrece información adicional sobre o segundo nivel de distribución da produción ou do valor engadido: reparto do excedente entre entidades financeiras, facendas públicas e accionistas.

En termos relativos os gastos financeiros diminúen cando aumenta o tamaño da empresa e son máis elevados na agricultura e na construción que na industria e nos servizos.

O peso dos impostos aumenta co tamaño das empresas e no sector da construción chega a representaren o 2% do valor da produción.

(miles de euros)

	Total	Micro empresa	Pequena empresa	Mediana empresa	Gran empresa
Produción	51.369.279	8.853.451	15.165.033	10.586.924	16.763.871
Consumos intermedios	40.489.790	7.030.648	11.742.773	8.090.463	13.625.906
Valor engadido bruto	10.879.489	1.822.803	3.422.260	2.496.461	3.137.965
Gastos de persoal	7.072.315	1.170.129	2.363.557	1.684.156	1.854.473
Amortizacións e outros gastos	1.561.082	253.618	462.002	397.237	448.225
Excedente neto de explotación	2.246.092	399.056	596.701	415.068	835.267
Ingresos financeiros	777.817	218.495	150.041	116.288	292.993
Gastos financeiros	820.863	228.930	259.672	173.772	158.489
Resultado das actividades ordinarias	2.203.046	388.621	487.070	357.584	969.771
Ingresos extraordinarios	505.117	110.301	200.390	126.788	67.638
Gastos extraordinarios	505.665	216.248	96.718	87.189	105.510
Resultado antes de impostos	2.202.498	282.674	590.742	397.183	931.899
Impostos	673.991	97.281	183.277	137.905	255.528
Resultado do exercicio	1.528.507	185.393	407.465	259.278	676.371

	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Produción	51.369.279	849.032	20.661.965	5.259.877	24.598.405
Consumos intermedios	40.489.790	590.525	16.497.176	3.584.564	19.817.525
Valor engadido bruto	10.879.489	258.507	4.164.789	1.675.313	4.780.880
Gastos de persoal	7.072.315	178.662	2.508.375	1.198.152	3.187.126
Amortizacións e outros gastos	1.561.082	59.662	727.336	99.256	674.828
Excedente neto de explotación	2.246.092	20.183	929.078	377.905	918.926
Ingresos financeiros	777.817	13.365	299.969	40.540	423.943
Gastos financeiros	820.863	21.271	243.072	105.367	451.153
Resultado actividades ordinarias	2.203.046	12.277	985.975	313.078	891.716
Ingresos extraordinarios	505.117	48.416	163.444	29.122	264.135
Gastos extraordinarios	505.665	9.055	126.094	23.342	347.174
Resultado antes de impostos	2.202.498	51.638	1.023.325	318.858	808.677
Impostos	673.991	14.528	273.856	104.255	281.352
Resultado do exercicio	1.528.507	37.110	749.469	214.603	527.325

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Produción	51.369.279	21.934.353	3.739.017	3.129.233	22.566.676
Consumos intermedios	40.489.790	17.096.396	3.003.007	2.378.784	18.011.603
Valor engadido bruto	10.879.489	4.837.957	736.010	750.449	4.555.073
Gastos de persoal	7.072.315	2.964.829	482.984	498.583	3.125.919
Amortizacións e outros gastos	1.561.082	658.230	122.641	109.487	670.724
Excedente neto de explotación	2.246.092	1.214.898	130.385	142.379	758.430
Ingresos financeiros	777.817	454.703	13.742	17.529	291.843
Gastos financeiros	820.863	384.106	51.671	51.422	333.664
Resultado actividades ordinarias	2.203.046	1.285.495	92.456	108.486	716.609
Ingresos extraordinarios	505.117	190.924	37.419	26.970	249.804
Gastos extraordinarios	505.665	83.711	17.356	22.639	381.959
Resultado antes de impostos	2.202.498	1.392.708	112.519	112.817	584.454
Impostos	673.991	388.097	39.657	36.727	209.510
Resultado do exercicio	1.528.507	1.004.611	72.862	76.090	374.944

Da análise máis inmediata da estrutura do balance dedúcese que o inmovilizado representa o 31% do total do activo no segmento das grandes empresas e o 23% no das PEMES. Como reflexo das diferenzas entre os prezos relativos dos produtos de

cada rama, o peso do inmovilizado sobre o balance total acada o 43% no sector primario e o 20% no de servizos. Entre ambos os dous extremos situábanse as empresas industriais e as da construción, con porcentaxes ao redor do 30%.


*(miles de euros)*

		Total	Micro empresa	Pequena empresa	Mediana empresa	Gran empresa
<b>Balance abreviado</b>						
<b>Activo</b>	Activo fixo	29.280.004	13.828.914	5.688.361	4.240.583	5.522.146
	Inmovilizado inmaterial	1.531.737	291.876	483.169	461.282	295.410
	Inmovilizado material	12.498.839	2.830.746	3.493.409	2.643.964	3.530.720
	Outro activo fixo	15.249.428	10.706.292	1.711.783	1.135.337	1.696.016
	Activo circulante	26.732.982	6.729.100	7.824.855	5.548.352	6.630.675
<b>Pasivo</b>	Fondos propios	23.383.746	11.983.689	4.209.202	3.105.409	4.085.446
	Fondos alleos	31.147.735	8.433.253	8.797.701	6.200.524	7.716.257
	Acredores ó longo prazo	9.042.076	3.096.930	2.683.518	1.493.554	1.768.074
	Acredores ó curto prazo	22.105.659	5.336.323	6.114.183	4.706.970	5.948.183
	Outro pasivo	1.483.137	142.269	506.724	483.023	351.121
		Total	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
<b>Activo</b>	Activo fixo	29.280.004	678.687	7.319.523	2.640.629	18.641.165
	Inmovilizado inmaterial	1.531.737	32.923	401.803	154.120	942.891
	Inmovilizado material	12.498.839	477.384	4.819.639	1.904.113	5.297.703
	Outro activo fixo	15.249.428	168.380	2.098.081	582.396	12.400.571
	Activo circulante	26.732.982	521.338	8.891.346	4.067.158	13.253.140
<b>Pasivo</b>	Fondos propios	23.383.746	420.340	6.039.409	1.496.620	15.427.377
	Fondos alleos	31.147.735	653.573	9.545.792	5.032.956	15.915.414
	Acredores ó longo prazo	9.042.076	257.230	1.764.819	1.751.973	5.268.054
	Acredores ó curto prazo	22.105.659	396.343	7.780.973	3.280.983	10.647.360
	Outro pasivo	1.483.137	126.119	625.866	178.704	552.448
		Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
<b>Activo</b>	Activo fixo	29.280.004	18.928.218	1.291.957	1.375.166	7.684.663
	Inmovilizado inmaterial	1.531.737	710.173	108.586	114.032	598.946
	Inmovilizado material	12.498.839	7.008.957	936.714	847.518	3.705.650
	Outro activo fixo	15.249.428	11.209.088	246.657	413.616	3.380.067
	Activo circulante	26.732.982	12.233.435	1.709.714	1.834.656	10.955.177
<b>Pasivo</b>	Fondos propios	23.383.746	15.897.349	920.507	966.576	5.599.314
	Fondos alleos	31.147.735	14.382.406	1.970.155	2.178.366	12.616.808
	Acredores ó longo prazo	9.042.076	4.769.568	525.781	399.066	3.347.661
	Acredores ó curto prazo	22.105.659	9.612.838	1.444.374	1.779.300	9.269.147
	Outro pasivo	1.483.137	882.890	111.079	65.004	424.164

O autofinanciamento, medido como proporción dos recursos propios sobre o total do balance, acada o 42% para o global das empresas. Por riba quedan as pequenas e medianas empresas (44%) e por sectores as de servizos (48%).


Dentro dos fondos alleos, o peso da débeda a curto prazo móvese entre o 77% que se rexistra nas empresas grandes e o 63% das máis pequenas. Por ramas a porcentaxe máis alta é a da industria (82%) e a máis baixa a da agricultura (61%).

Con máis detalle sectorial, clasificando as empresas por divisións da CNAE, resulta que a construción, o comercio por xunto e o comercio polo miúdo son as actividades máis numerosas en número de empresas e ocupados. Na clasificación por produción a fabricación de vehículos ocupa a segunda posición, por detrás do comercio por xunto, pero por diante da construción e do comercio polo miúdo. No gráfico que segue aparecen representadas as actividades que superan o 2% do total nalgunha das tres variables.



A produtividade, medida como cociente entre valor engadido e emprego, é moi diferente por rama de actividade. Ordenadas de maior a menor en función desta ratio, nas dez primeiras

posicións da lista figuran oito actividades propias da industria e só dous de servizos: os relacionados coa promoción inmobiliaria e as telecomunicacións.






Agrupando as empresas por sede social e ordenando as comarcas por volume de produción, resulta que nas dez primeiras posicións están as das áreas de influencia das


sete grandes cidades, O Salnés, Barbanza e Betanzos. No outro extremo están as comarcas de Trives e Caldelas, localizacións de só 24 empresas da mostra.

Comarcas	Empresas		Ocupados		Produción		Valñor engadido bruto	
	nº	%	nº	%	miles €	%	miles €	%
Vigo	5.109	20,6	87.131	25,5	15.379.315	29,9	2.962.267	27,2
A Coruña	4.481	18,1	80.962	23,7	12.554.106	24,4	3.033.717	27,9
Pontevedra	1.348	5,4	19.130	5,6	2.880.292	5,6	585.559	5,4
Santiago	1.416	5,7	19.900	5,8	2.784.939	5,4	587.878	5,4
Ourense	1.361	5,5	16.582	4,9	2.027.241	3,9	445.033	4,1
Lugo	1.259	5,1	13.572	4,0	1.706.715	3,3	369.957	3,4
O Salnés	1.246	5,0	12.538	3,7	1.505.227	2,9	328.760	3,0
Ferrol	720	2,9	8.437	2,5	1.407.438	2,7	277.917	2,6
Barbanza	538	2,2	8.260	2,4	1.184.250	2,3	207.081	1,9
Betanzos	245	1,0	3.731	1,1	1.123.405	2,2	112.705	1,0
O Morrazo	571	2,3	6.519	1,9	736.045	1,4	184.358	1,7
Bergantiños	542	2,2	5.849	1,7	677.644	1,3	148.466	1,4
Eume	175	0,7	2.720	0,8	637.192	1,2	94.907	0,9
Deza	423	1,7	5.304	1,6	578.620	1,1	132.914	1,2
Valdeorras	255	1,0	4.666	1,4	554.242	1,1	178.386	1,6
Terra Chá	279	1,1	2.296	0,7	478.082	0,9	66.428	0,6
Ordes	265	1,1	3.339	1,0	461.337	0,9	115.286	1,1
Caldas	297	1,2	3.466	1,0	410.778	0,8	93.220	0,9
O Baixo Miño	515	2,1	4.326	1,3	397.988	0,8	100.933	0,9
O Condado	414	1,7	3.560	1,0	380.472	0,7	99.384	0,9
A Mariña Occidental	257	1,0	2.869	0,8	375.593	0,7	78.746	0,7
A Mariña Central	287	1,2	3.102	0,9	367.723	0,7	76.874	0,7
O Sar	160	0,6	2.258	0,7	347.479	0,7	75.596	0,7
Sarria	210	0,8	1.611	0,5	290.291	0,6	48.942	0,4
Tabeirós-Terra de Montes	211	0,9	1.902	0,6	217.549	0,4	48.184	0,4
Terra de Lemos	183	0,7	1.011	0,3	211.659	0,4	24.164	0,2
Verín	152	0,6	1.350	0,4	143.428	0,3	34.159	0,3
Arzúa	107	0,4	1.082	0,3	135.431	0,3	28.392	0,3
O Carballiño	154	0,6	1.259	0,4	127.841	0,2	29.770	0,3
Terra de Soneira	107	0,4	1.050	0,3	118.468	0,2	23.941	0,2
A Mariña Oriental	140	0,6	1.030	0,3	103.244	0,2	22.726	0,2
A Limia	126	0,5	881	0,3	101.740	0,2	17.873	0,2
Noia	163	0,7	1.229	0,4	98.968	0,2	28.870	0,3
Fisterra	94	0,4	746	0,2	87.904	0,2	22.563	0,2
A Paradanta	64	0,3	723	0,2	80.390	0,2	19.494	0,2
Muros	43	0,2	769	0,2	77.220	0,2	25.087	0,2
Xallas	96	0,4	834	0,2	73.790	0,1	18.581	0,2
Ortegal	64	0,3	764	0,2	63.547	0,1	17.792	0,2
Terra de Melide	63	0,3	357	0,1	63.307	0,1	8.384	0,1
Terra de Celanova	88	0,4	590	0,2	58.593	0,1	10.940	0,1
O Ribeiro	96	0,4	759	0,2	53.098	0,1	16.194	0,1
A Ulloa	45	0,2	291	0,1	48.240	0,1	7.470	0,1
Chantada	86	0,3	497	0,1	41.734	0,1	10.068	0,1
Allariz-Maceda	73	0,3	514	0,2	41.329	0,1	12.595	0,1
A Barcala	40	0,2	394	0,1	37.928	0,1	10.794	0,1
Quiroga	23	0,1	443	0,1	37.413	0,1	13.014	0,1
Os Ancares	56	0,2	301	0,1	32.342	0,1	6.342	0,1
Meira	34	0,1	230	0,1	28.336	0,1	4.838	0,0
A Fonsagrada	32	0,1	246	0,1	17.645	0,0	6.441	0,1
Viana	22	0,1	95	0,0	7.277	0,0	1.898	0,0
Baixa Limia	17	0,1	107	0,0	5.456	0,0	1.547	0,0
Terra de Trives	16	0,1	87	0,0	5.230	0,0	1.670	0,0
Terra de Caldelas	8	0,0	24	0,0	3.758	0,0	384	0,0
<b>Total Galicia</b>	<b>24.776</b>	<b>100</b>	<b>341.693</b>	<b>100</b>	<b>51.369.279</b>	<b>100</b>	<b>10.879.489</b>	<b>100</b>

As diferenzas de tamaño e produtividade entre comarcas quedan reflectidas nos mapas seguintes. Só seis comarcas superaban as ratios medias rexistrados para Galicia de

número de ocupados por empresa (13,8) e valor engadido bruto por ocupado (31.840 euros): A Coruña, Eume, Muros, O Sar, Valdeorras e Vigo.









Agrupando agora as empresas da mostra por concello e ordenando estes por cifra de emprego resulta que os 38 primeiros da clasificación concentraban o 80% dos ocupados e o





83% da produción e do valor engadido rexional. Entre os dez primeiros da lista están, ademais dos das sete grandes cidades, os concellos de Arteixo, O Porriño e Mos.

	Empresas		Ocupados		Producción		Valor engadido bruto	
	nº	%	nº	%	miles €	%	miles €	%
Vigo	3.716	15,0	66.211	19,4	12.351.930	24,0	2.284.140	21,0
A Coruña	2.930	11,8	47.810	14,0	6.585.252	12,8	1.762.350	16,2
Arteixo	506	2,0	19.545	5,7	4.347.928	8,5	836.259	7,7
Santiago de Compostela	1.026	4,1	16.090	4,7	2.376.842	4,6	488.565	4,5
Pontevedra	1.042	4,2	14.466	4,2	2.213.495	4,3	470.297	4,3
Lugo	1.106	4,5	12.042	3,5	1.455.882	2,8	323.023	3,0
Ourense	956	3,9	10.004	2,9	1.205.665	2,3	249.460	2,3
O Porriño	395	1,6	8.781	2,6	1.276.247	2,5	308.612	2,8
Mos	283	1,1	4.500	1,3	606.728	1,2	144.691	1,3
Ferrol	405	1,6	4.488	1,3	979.569	1,9	158.417	1,5
San Cibrao das Viñas	191	0,8	4.367	1,3	561.734	1,1	138.671	1,3
Vilagarcía de Arousa	400	1,6	4.258	1,2	607.722	1,2	122.790	1,1
Carballo	308	1,2	3.966	1,2	542.565	1,1	110.801	1,0
Lalín	264	1,1	3.844	1,1	383.684	0,7	89.772	0,8
Ribeira	240	1,0	3.785	1,1	440.598	0,9	86.101	0,8
Bergondo	189	0,8	3.148	0,9	410.695	0,8	106.644	1,0
Poio	141	0,6	3.079	0,9	497.783	1,0	75.945	0,7
Redondela	196	0,8	2.789	0,8	623.991	1,2	94.573	0,9
Marín	201	0,8	2.641	0,8	331.954	0,6	75.485	0,7
Culleredo	221	0,9	2.613	0,8	360.828	0,7	94.132	0,9
Sada	134	0,5	2.540	0,7	236.570	0,5	87.702	0,8
Cambre	219	0,9	2.387	0,7	280.319	0,5	68.614	0,6
Boiro	140	0,6	2.332	0,7	334.907	0,7	61.707	0,6
Betanzos	124	0,5	2.320	0,7	850.144	1,7	59.430	0,5
Ponteareas	264	1,1	2.157	0,6	240.833	0,5	60.294	0,6
Oleiros	198	0,8	2.148	0,6	264.580	0,5	57.680	0,5
Sanxenxo	225	0,9	2.090	0,6	193.412	0,4	54.074	0,5
O Barco de Valdeorras	130	0,5	2.083	0,6	243.420	0,5	71.114	0,7
Viveiro	161	0,6	1.854	0,5	295.852	0,6	54.548	0,5
Gondomar	145	0,6	1.842	0,5	156.357	0,3	48.910	0,4
Cangas	170	0,7	1.838	0,5	182.038	0,4	58.811	0,5
Carballada de Valdeorras	40	0,2	1.828	0,5	216.513	0,4	71.926	0,7
Narón	129	0,5	1.816	0,5	167.634	0,3	51.255	0,5
As Pontes de García Rodríguez	91	0,4	1.726	0,5	226.517	0,4	52.356	0,5
A Estrada	170	0,7	1.633	0,5	197.852	0,4	42.947	0,4
Tui	188	0,8	1.613	0,5	147.754	0,3	38.599	0,4
Padrón	107	0,4	1.610	0,5	281.634	0,5	61.460	0,6
Ames	162	0,7	1.588	0,5	156.740	0,3	41.457	0,4
Resto concellos	7.263	29,3	67.861	19,9	8.535.111	16,6	1.815.877	16,7
Total	24.776	100	341.693	100,0	51.369.279	100	10.879.489	100

Agora só 11 dos concellos que achegan, cando menos, cinco empresas á mostra superaban as ratios medias de ocupados por empresa e

produtividade: A Coruña, O Barco, Bergondo, Boqueixón, Mos, A Pobra, Pontevedra, O Porriño, Redondela, Sada e Vigo.





Os datos difundidos permiten comparar tamén os agregados básicos do 2003 cos rexistrados nos tres anos anteriores. Tomando como referencia as ratios de valor engadido bruto por



ocupado non se observa que no período analizado diminúan as diferenzas de produtividade entre as grandes e as pequenas empresas.

		2000	2001	2002	2003
TOTAL	Produción/ocupados (euros)	143.354,8	139.186,2	141.518,0	150.337,5
	Consumos intermedios/producción (%)	80,3	79,1	78,8	78,8
	Valor engadido bruto/ocupados (euros)	28.254,0	29.074,8	30.022,6	31.840,0
	Gastos de persoal/valor engadido (%)	65,1	65,9	65,9	65,0
	Excedente bruto/ocupados (euros)	9.856,4	9.902,4	10.249,2	11.142,1
	Excedente bruto/valor engadido bruto (%)	34,9	34,1	34,1	35,0
PEMES	Produción/ocupados (euros)	124.314,4	122.308,4	122.010,3	130.275,7
	Consumos intermedios/producción (%)	79,0	78,3	77,9	77,6
	Valor engadido bruto/ocupados (euros)	26.112,9	26.579,4	27.020,0	29.143,8
	Gastos de persoal/valor engadido (%)	67,1	67,7	68,6	67,4
	Excedente bruto/ocupados (euros)	8.592,0	8.579,2	8.478,0	9.500,7
	Excedente bruto/valor engadido bruto (%)	32,9	32,3	31,4	32,6
GRANDES EMPRESAS	Produción/ocupados (euros)	212.697,2	200.355,3	217.011,0	220.400,3
	Consumos intermedios/producción (%)	83,1	81,0	80,8	81,3
	Valor engadido bruto/ocupados (euros)	36.051,5	38.118,4	41.642,3	41.255,9
	Gastos de persoal/valor engadido (%)	59,9	61,4	58,9	59,1
	Excedente bruto/ocupados (euros)	14.461,0	14.697,8	17.103,4	16.874,5
	Excedente bruto/valor engadido bruto (%)	40,1	38,6	41,1	40,9
AGRICULTURA E PESCA	Produción/ocupados (euros)	122.782,9	127.328,8	94.652,1	103.527,9
	Consumos intermedios/producción (%)	75,7	74,3	68,9	69,6
	Valor engadido bruto/ocupados (euros)	29.868,5	32.752,4	29.458,0	31.521,4
	Gastos de persoal/valor engadido (%)	65,3	66,4	73,1	69,1
	Excedente bruto/ocupados (euros)	10.374,7	11.020,7	7.929,2	9.736,0
	Excedente bruto/valor engadido bruto (%)	34,7	33,6	26,9	30,9
INDUSTRIA	Produción/ocupados (euros)	180.962,0	172.257,9	175.175,5	190.222,5
	Consumos intermedios/producción (%)	80,7	79,4	79,3	79,8
	Valor engadido bruto/ocupados (euros)	34.887,2	35.457,7	36.340,4	38.342,7
	Gastos de persoal/valor engadido (%)	59,5	61,4	61,1	60,2
	Excedente bruto/ocupados (euros)	14.145,4	13.674,0	14.138,6	15.249,6
	Excedente bruto/valor engadido bruto (%)	40,5	38,6	38,9	39,8
CONSTRUCCIÓN	Produción/ocupados (euros)	68.591,8	78.243,4	86.336,4	89.690,1
	Consumos intermedios/producción (%)	66,9	67,4	70,5	68,1
	Valor engadido bruto/ocupados (euros)	22.692,6	25.530,3	25.468,8	28.567,0
	Gastos de persoal/valor engadido (%)	75,2	74,8	76,1	71,5
	Excedente bruto/ocupados (euros)	5.627,2	6.444,4	6.095,6	8.136,4
	Excedente bruto/valor engadido bruto (%)	24,8	25,2	23,9	28,5
SERVICIOS	Produción/ocupados (euros)	145.623,0	138.995,2	141.792,4	147.980,8
	Consumos intermedios/producción (%)	82,5	81,4	80,5	80,6
	Valor engadido bruto/ocupados (euros)	25.471,8	25.857,1	27.644,3	28.761,2
	Gastos de persoal/valor engadido (%)	67,3	67,0	66,2	66,7
	Excedente bruto/ocupados (euros)	8.327,5	8.532,7	9.353,2	9.587,8
	Excedente bruto/valor engadido bruto (%)	32,7	33,0	33,8	33,3

A evolución da produtividade por rama de actividade amosa un sector industrial que parece manter a súa vantaxe comparativa, un sector de servizos en liña ascendente pero sen

gañar posicións en termos relativos e unha certa tendencia de aproximación á media global do sector primario e do sector da construción.

Valor engadido bruto por ocupado ocupado (euros)





As definicións dos conceptos utilizados pódense ver nas metodoloxías de cada operación incluídas na páxina web

Máis información na nosa páxina web: <http://www.ige.xunta.es>

Teléfono de información: 981 54 15 89

FAX: 981 54 13 23

e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)



Enderezo postal

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)